



Regulamento do IV Maratón BTT Audi Selection Plus – Concello de Piñor 2025

DÍA E LUGAR

A proba celebrárase o día **28 de setembro de 2025** con saída e chegada no Campo de Arenteiro (Concello de Piñor), e rexérase polo presente regulamento e baixo as directrices da Normativa Técnica da Federación Galega de Ciclismo para as probas de XC Maratón por ser esta unha proba federada e que forma parte do calendario da **Copa Galicia de XCM 2025 (clase K.1A)**.


HORARIO

A saída será ás **9:30 horas**.

PERCARRIDO

A proba terá os seguintes **percorridos**:

- **MARATÓN:** 67 km e 1700 m de desnivel positivo.
- **ruta curta:** 35 km e 800 m de desnivel positivo.





PARTICIPACIÓN

Neste **IV Maratón BTT Audi Selection Plus – Concello de Piñor** poderá participar calquera persoa federada (ELITE/SUB23, MASTER, CICLOTURISTA) ou non federada (licenzas de 1 día).

Os participantes deben ser maiores de 16 anos ata un máximo de 400 participantes entre as 2 modalidades de ruta.

Cada participante fará uso obrigatoriamente do casco e do dorsal personalizado asignado pola organización. O participante deberá aceptar que o dorsal é intransferible e que non o poderá ceder para que o leve outra persoa.

Permitirase a participación de E-Bikes (Bicicletas eléctricas), exclusivamente na ruta curta.

SAÍDA

A formación de cada un dos caixóns realizarase conforme ao seguinte formato, debendo o organizador etiquetar os caixóns de forma visible a través de paneis identificativos e con acceso independente.

Para todas as categorías establecerase segundo o seguinte orde:

1. Líderes absoluto/a da Copa Galicia
2. Corredores/as con puntos no ranking individual UCI de XCM, por orde de maior a menor.
3. 5 corredores/as invitados/as como máximo por parte do organizador (previa consulta á Dirección Técnica da FGC)
4. Corredores/as con puntos no ránking individual RFEC de XCM.
5. 50 primeiros corredores da clasificación absoluta da Copa Galicia
6. 15 primeiras corredoras da clasificación absoluta da Copa Galicia

NOTA: Na primeira proba será pola clasificación final da Copa Galicia do ano anterior.

7. Resto de corredores por orde de inscrición.



8. Grupo Cicloturista.

9. E-BIKES.

A organización organizará o número de caixóns respectando escrupulosamente a orde anteriormente descrita.

INSCRICIÓNS

Para poder participar na **IV Maratón BTT Audi Selection Plus – Concello de Piñor**, deberase estar previamente inscrito na plataforma da Federación Galega de Ciclismo. Non se permitirá a participación de ningunha persoa que non teña dorsal previamente entregado polos membros da organización e que non apareza nos listados da Federación Galega de Ciclismo.

O prazo de inscricións remata o **mércores, 24/09/2025 ás 23:59 horas**.

PREZO

O importe da inscrición é de **20€** para os participantes federados e non federados. Os non federados deberán pagar ademais a licenza de un día (**12 €**). Dita inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil, avituallamentos...

MARCAXE

O recorrido estará sinalizado con cinta de balizar sendo obrigatorio o paso polos controis establecidos.

O **track** (percorrido ciclocomputador GPS) da participación de calquera corredor/a poderá ser requerido polos xuíces-árbitros, para a súa verificación, no caso de dúbidas do paso polos distintos controis.

TEMPO DE CORTE E HORA DE PECHE

Os/as participantes que sobreparen as **12:30 horas** polo **punto quilométrico 35** serán obrigados a dar a súa participación por rematada. Así mesmo os 'colaboradores escoba' ou o responsable de cada control xunto ca autorización dos xuíces-árbitros terán potestade para retirar da proba a calquera ciclista si o seu tempo durante o transcurso da proba ou o seu estado de saúde así o aconsella. O/A ciclista que se retire durante o transcurso da proba, deberá avisar ao control máis próximo e facer entrega do dorsal.

O/A ciclista que faga caso omiso da orde de retirada dada polos xuíces/árbitros e a Organización, quedará automaticamente fora de competición, considerándose que actúa baixo a súa enteira responsabilidade e en contra do criterio dos organizadores da proba que, a partir dese momento, declina calquera responsabilidade sobre as posibles consecuencias dos seus actos.



O track (percorrido GPS) da participación de calquera corredor/a poderá ser requerido polos xuíces-árbitros no caso de dúbidas do paso polos distintos controis.

AVITUALLAMENTOS

Existirán **2 avituallamentos**. Todos serán líquidos e sólidos. Ao remate da proba haberá tamén un avituallamento líquido e sólido. Ademais haberá papeleiras para abandonar os restos de xeles e demais envoltorios, vasos, etc.. Todos/as os/as participantes, organizadores, colaboradores, ..., debemos ser responsables co medio no que estamos a desenvolver esta actividade.

ZONA ASISTENCIA TÉCNICA

Existirán **2 zonas** de asistencia técnica, ao lado dos puntos de avituallamento.

PREMIOS E CLASIFICACIÓN

Daráselle premio en efectivo e trofeo ou regalo aos 5 primeiros/as clasificados/as da categoría absoluta masculino e feminino. Os importes serán os establecidos pola FEDERACIÓN GALEGA CICLISMO para as probas da Copa de Galicia de BTT-XCM.

Para as demais categorías, ELITE/SUB23, JUNIOR e MASTER 30, 40, 50 e 60 haberá trofeo para os 3 primeiros de cada unha delas en cumprimento da Normativa Técnica da FGC no artigo da Copa Galicia BTT-XCM.

CLASIFICACIÓN POR EQUIPOS

Farase entrega de trofeos aos 3 mellores equipos. A clasificación será a correspondente á suma dos tempos dos/as **tres primeiros/as** corredores de cada equipo que realizaran o recorrido completo da ruta longa en menos tempo.

OUTRAS

A organización xunto cos xuíces-árbitros resérvase o dereito a realizar as **modificacións** que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas ou a falta de permisos requiridos e necesarios o obrigan ou por forza maior. No caso de efectuar algunha modificación no recorrido, este será comunicado a todos/as os/as participantes por medio das redes sociais e a Federación Galega de Ciclismo.

Os/as participantes están obrigados a **auxiliar** aos accidentados e a **respectar** as normas de circulación nos cruces de estrada. En todos os cruces teremos persoal de apoio.

Os únicos **vehículos autorizados** a seguir a proba serán os designados pola organización quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir aos ciclistas en moto, bicicleta, quad por todo o circuíto.

A proba ao ser federada está cuberta co **seguro** de accidentes e R.C. da federación galega de ciclismo polo que todos os participantes contan con ambos seguros.




A organización declina toda **responsabilidade** en caso de negligencia dos corredores, así como dos obxectos perdidos de cada participante.

PROTECCIÓN DE DATOS

Todo participante, ao formalizar a súa inscrición, está autorizando a publicación dos seus datos persoais necesarios para o desenvolvemento da proba, xa sexa nos listados oficiais, en medios de comunicación e/ou internet, así como, o seu uso para o envío de información relativa ao evento, incluídas posteriores edicións. Igualmente autoriza a que as imaxes (fotografía ou vídeo) se poidan utilizar de forma atemporal en calquera publicación ou acción publicitaria, co único fin de promoción e difusión do evento.

Cada participante é responsable da veracidade dos datos proporcionados na súa inscrición, e consente que ditos datos se incorporen a un ficheiro automatizado, do que é responsable o **OURENSE TERMAL C.C.**. O titular dos datos terá dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, adaptada á Normativa Europea (UE) 679/2016.

PLANO



Zona equipos.

Zona saída/chegada corredores.

Zona secretaria e organización.

Zona de podio.